

PERFIL PROFESIONAL DO XURADO:



José Manuel Gallego Jorreto (Carballiño, Ourense, 1936). Desde 2002 é Catedrático do Departamento de proxectos arquitectónicos e urbanismo da Escola Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Desde 1991, é profesor tutor do proxecto fin de carreira. Ademais, imparte cursos, dicta conferencias e relatorios en centros e universidades de España e do extranxeiro. Foi xurado en concursos nacionais e internacionais. A súa obra profesional publicouse en diferentes editoriais e en publicacións periódicas nacionais e extranxeiras. Participa en exposicións a nivel nacional e internacional.

-PREMIOS POLA OBRA CONSTRUÍDA:

2006 Finalista Bienal Iberoamericana. CompleXo presidencial da Xunta de Galicia.
1997 Premio Nacional de Arquitectura Española “Museo de Belas Artes da Coruña”,
Premiado na IV Bienal de Arquitectura Española
1996 1º Premio Edificios de nova planta. “Museo de Belas Artes de A Coruña”, VII Premios COAG de Arquitectura
1995 Premio Dragados y Construcciones de Arquitectura Española. Fundación CEOE.
1991 1º Premio “Julio Galán” dos Colexios de Arquitectos de León, Asturias e Galicia pola obra: “Museo de Arte Sacro” na Coruña
1983 Premio Galicia de Arquitectura. Ourense



Andrés José Precedo Ledo. Xeógrafo. Catedrático de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela e director do máster de Desenvolvemento Local e Comarcal, as súas investigacións centráronse nos estudos urbanos, as redes urbanas e as súas relación coa planificación e o desenvolvemento local e rexional.

Foi director do Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial (1989-1997) e secretario xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal da Xunta de Galicia (1997-2003). Realizou os mapas comarcal (1996) e parroquial (1997) de Galicia e puxo en marcha o Plan de Desenvolvemento Comarcal, o Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA) e o Centro Telemático aplicado ao Desenvolvemento Comarcal, e creou a rede de Centros Comarcais.

Pertence ao Instituto de Estudios Económicos Pedro Barrié de la Maza. Colaborador de La Voz de Galicia, das súas publicacións destacan *Galicia. Estrutura del territorio y organización comarcal* (1986), *La Red urbana* (1990), *Ciudad y desarrollo urbano* (1996), *Geografía humana de Galicia* (1998), *Informe demográfico de Galicia* (1999) e *Las nuevas realidades territoriales para el siglo XXI: desarrollo local, identidad territorial y ciudad difusa* (2004). Pertence á Asociación Internacional de Urbanistas e á Asociación Internacional de Planificadores Rexionais e Urbanos.



Xesús Miguel de Toro Santos (Santiago de Compostela, 1956) é un escritor contemporáneo español. Licenciado en Arte Moderno e Contemporáneo, é tamén guionista de televisión e colaborador habitual en prensa e radio. Publicou máis de vinte libros en galego de narrativa, teatro e ensaio. Ademais, unha das súas novelas, "Trece badalás", foi levada ao cine en 2002. A súa obra está traducida a varias linguas e foi obxecto de estudo en diversas universidades europeas.